

**Resolución pola que se amplía o prazo de realización do terceiro exercicio das probas selectivas convocadas por resolución reitoral do 27 de abril de 2023 para o acceso á categoría profesional de técnico/a de grao medio de investigación (análise instrumental), grupo II, pola quenda de promoción interna.**

O segundo exercicio da fase de oposición correspondente ao proceso selectivo que se cita foi realizado o día 27 de novembro de 2023.

Á vista da proposta do tribunal cualificador, o reitor, tendo en consideración as circunstancias de carácter organizativo que concorren e de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, resolve:

Ampliar o prazo máximo establecido no artigo 16 do Real decreto 364/1995 para estes supostos, sempre que non exceda da metade do mesmo, para a realización do terceiro exercicio do proceso selectivo para o acceso á categoría profesional de técnico/a de grao medio de investigación (análise instrumental), grupo II, pola quenda de promoción interna.

Contra esta resolución de ampliación de prazo non cabe ningún recurso, de acordo co disposto no artigo 32.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,  
O reitor  
Antonio López Díaz  
(Sinatura dixital)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 05/12/2023 15:09:47.

CSV: A911-EADE-4F42-8C5A